



MODIFICACIÓN DE XUNTA DIRECTIVA DE SOCIEDADES E CLUBS INSCRITOS NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

Instrucións para cumprimentar a documentación

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20.1 que as modificacións de Xunta Directiva **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 1 mes, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para modificación das súas xuntas directivas.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación, Autorización de Consulta de datos, Certificado de convocatoria de eleccións, e proclamación da nova xunta directiva pola Xunta Electoral) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual (en todos os impresos, documentos e apartados) que nos Estatutos da Entidade (no caso de dúbida recoméndase consultar coa Federación).**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse as seguintes pautas:

- 1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946A**), polo que se autoriza á FGC para tramitar a modificación de Xunta Directiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome”** o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de **“E, na súa representación”** o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente ou representante da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

- 2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS:** Deberá cumprimentarse o modelo de autorización-ANEXO II para que a Secretaría Xeral para o Deporte poida consultar os datos de identidade dos directivos no sistema de verificación de datos, indicando o nome e apelidos e nº NIF de cadaún dos directivos.

Este documento deberán asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “sinatura” a carón dos datos persoais de cadaún.

- 3. CERTIFICADO DE PROCLAMACIÓN DA NOVA XUNTA DIRECTIVA POLA XUNTA ELECTORAL.** Certificado do secretario **“entrante”** (novo secretario) da Entidade co visto e prace do presidente **“entrante”** (novo presidente), debendo cumprimentarse todos os datos da nova xunta directiva que nel se relacionan, **sendo tamén imprescindibles o e-mail e o nº de tfno.** (mínimo 5 directivos e máximo 15). No suposto que só se presentara unha única candidatura debe utilizarse o doc. **3.1 Certificado proclamación nova Xunta Directiva pola Xunta Electoral única candidatura**

Este documento deberá asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “*sinatura*” a carón dos datos persoais de cadaún, o presidente e secretario “*entrantes*” (novos) e Presidente e Secretario (saintes) ao pé do mesmo.

Lémbrese que unha mesma persoa non poderá formar parte de máis de unha xunta directiva de clubs distintos que participen ou teñan intereses en idéntica competición oficial (Art. 46.3 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia)

Segúndo Circular 01/2023-OBRIGATORIEDADE DO USO DA SINATURA DIXITAL NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS, os documentos deben ser asinados dixitalmente, almenos, por un dos directivos, preferiblemente polo Presidente, Secretario ou representante. (para máis detalle consultar coa FGC).
